

EXPTE.: 20200011975
OBJECTO: AMPLIACIÓN TERRAZAS PARA CUMPRIMENTO ORDEN SND/399/2020
TRÁMITE: DECRETO

DECRETO

O día 11.05.2020 o xefe do servizo de Urbanismo e Infraestruturas emitiu o seguinte informe-proposta:

“ ANTECEDENTES:

1.- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19 (BOE 14.03.2020), e prórrogas sucesivas, estando na actualidade vixente o estado de alarma.

2.- Orden SND/386/2020, de 3 de mayo, por la que se flexibilizan determinadas restricciones sociales y se determinan las condiciones de desarrollo de la actividad de comercio minorista y de prestación de servicios, así como de las actividades de hostelería y restauración en los territorios menos afectados por la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19. (BOE 03.05.2020)

3.- Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional, establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad. (BOE 09.05.2020)

4.- O 11.05.2020 o concelleiro delegado da área de Urbanismo asina a seguinte orde de incoación:

“O 03.05.2020 publicouse no BOE a “Orden SND/386/2020, de 3 de mayo, por la que se flexibilizan determinadas restricciones sociales y se determinan las condiciones de desarrollo de la actividad de comercio minorista y de prestación de servicios, así como de las actividades de hostelería y restauración en los territorios menos afectados por la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19”.

No seu artigo 12 refírese á posibilidade de reapertura das terrazas dos establecementos de hostelería e restauración.

O 08.05.2020 asinei orde de incoación de expediente para permitir ampliación do espazo das terrazas só no imprescindible para o cumprimento da Orden SND/386/2020.

O 09.05.2020 publícase no BOE a “Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional, establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad”, na cal na súa Disposición Derrogatoria Única derroga a Orden SDN/386/2020, de 3 de maio.

Dita Orden SND/399/2020, do 9 de maio (BOE 09.05.2020) establece no seu artigo 15:

“Artículo 15. Reapertura de las terrazas al aire libre de los establecimientos de hostelería y restauración.

1. Podrá procederse a la reapertura al público de las terrazas al aire libre de los establecimientos de hostelería y restauración limitándose al cincuenta por ciento de las mesas permitidas en el año inmediatamente anterior en base a la correspondiente licencia municipal. En todo caso, deberá asegurarse que se mantiene la debida distancia física de al menos dos metros entre las mesas o, en su caso, agrupaciones de mesas.

A los efectos de la presente orden se considerarán terrazas al aire libre todo espacio no cubierto o todo espacio que estando cubierto esté rodeado lateralmente por un máximo de dos paredes, muros o paramentos.

2. En el caso de que el establecimiento de hostelería y restauración obtuviera el permiso del Ayuntamiento para incrementar la superficie destinada a la terraza al aire libre, se podrán incrementar el número de mesas previsto en el apartado anterior, respetando, en todo caso, la proporción del cincuenta

EXPTE.: 20200011975

OBXECTO: AMPLIACIÓN TERRAZAS PARA CUMPRIMENTO ORDEN SND/399/2020

TRÁMITE: DECRETO

por ciento entre mesas y superficie disponible y llevando a cabo un incremento proporcional del espacio peatonal en el mismo tramo de la vía pública en el que se ubique la terraza.

3. La ocupación máxima será de diez personas por mesa o agrupación de mesas. La mesa o agrupación de mesas que se utilicen para este fin, deberán ser acordes al número de personas, permitiendo que se respeten la distancia mínima de seguridad interpersonal. ”

A cidade de Ferrol conta cunha ampla oferta de terrazas, autorizadas cunhas dimensións e características determinadas de conformidade coa Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería.

Debido á necesidade de cumprimento das medidas indicadas no artigo 15 da Orden SND/399/2020, do 9 de maio, faise preciso posibilitar ós titulares das autorizacións de terrazas o cumprimento das medidas de distanciamento de dous metros entre mesas, cumprindo a restrición do 50% das mesas autorizadas no ano anterior.

Para elo, cómpre posibilitar a ampliación do espazo ou modificación da colocación das mesas no espazo autorizado, soamente polo espazo mínimo indispensable para posibilitar a colocación do 50% das mesas autorizadas polo Concello e só nos casos en que esa ampliación ou modificación sexa imprescindible para poder aplicar o distanciamento entre mesas de 2 metros (ou outra distancia que se determine) e o resto de medidas sanitarias de obrigado cumprimento.

Así mesmo, ordénase axilizar e dar prioridade de tramitación administrativa das solicitudes de autorizacións e modificacións de autorizacións de terrazas que se soliciten de acordo coa Ordenanza, namentras dure a situación excepcional por mor do COVID-19.

Por todo elo, ordénase a tramitación do procedemento para habilitar tal ampliación no mínimo indispensable.”

· FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1.- Lexislación aplicable:

- Ley 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Orden SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restriccións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad. (BOE 09.05.2020)
- Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería (última modificación BOP 10.08.2016)

2.- Consideracións xurídicas:

A aplicación de dita Orden SND/399/2020 do 9 de maio será de aplicación na Fase 1 do “Plan para la transición hacia una nueva normalidad” aprobado polo Consello de Ministros o 28.04.2020, aplicable na provincia de A Coruña a partir do día 11.05.2020.

De acordo coa orde de incoación asinada polo Concelleiro de Urbanismo o 11.05.2020, preténdese a ampliación do espazo ou modificación da colocación das mesas no espazo autorizado, soamente polo espazo mínimo indispensable para posibilitar a colocación do 50% das mesas autorizadas polo Concello e só nos casos en que esa ampliación ou modificación sexa imprescindible para poder aplicar o distanciamento entre mesas de 2 metros (ou outra distancia que se determine) e o resto de medidas sanitarias de obrigado cumprimento.

O cumprimento do establecido no Capítulo IV (“*Condiciones para la reapertura de terrazas de los establecimientos de hostelería y restauración*”) da Orden SND/399/2020, de 9 de maio, é preceptivo para

EXPTE.: 20200011975

OBXECTO: AMPLIACIÓN TERRAZAS PARA CUMPRIMENTO ORDEN SND/399/2020**TRÁMITE: DECRETO**

tódalas terrazas autorizadas no Concello de Ferrol. Por elo, para posibilitar a súa aplicación, cómpre habilitar un procedemento áxil que permita ós titulares das terrazas que queiran abrilas o cumprimento destas medidas no momento da súa entrada en vigor (Fase 1 do plan para a transición a unha nova normalidade).

Todo elo, sen prexuízo do obrigado cumprimento das condicións da autorización de terrazas en vigor, das limitacións de espazo e distancias que establece a propia Orden SND/399/2020 (ou outra posterior que se aprobe) e da restante normativa sectorial de aplicación sobre as terrazas. Especialmente deben ter en conta os titulares das autorizacións de terrazas a normativa sobre distancia de separación das terrazas: Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería; Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados; PXOM; PEPR barrio da Magdalena; Proxecto normalización mobiliario urbano do Barrio da Magdalena.

Por outra banda, a tramitación das solicitudes de autorizacións de terrazas, ou as súas modificacións ordinarias, deberán seguir o procedemento previsto na Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería.

Sobre dita tramitación, o Concelleiro delegado de Urbanismo indica orde de tramitación preferente, que será vinculante para o persoal que intervéñen na súa tramitación, e axilización do procedemento.

A Disposición Adicional Terceira da Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería indica: "Habilitase á Alcaldía-Presidencia ou ao Concelleiro que teña delegadas as competencias en funcións urbanísticas para ditar as disposicións ou instrucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza".

Con data do 08.07.2019 dítase decreto de delegación de competencias na área de Urbanismo a favor de don Julián Reina Villalón (BOP 22.07.2019).

Por todo o anterior, **PROPONSE ó concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna A SEGUINTE RESOLUCIÓN:**

Primeiro.- Ós efectos de facilitar o cumprimento da ORDEN SND/399/2020, de 9 de maio, nas terrazas que contén con autorización concedida e en vigor, autorízase con carácter xeral a ampliación do espazo ou modificación da colocación das mesas no espazo autorizado, soamente polo espazo mínimo indispensable para posibilitar a colocación do 50% das mesas autorizadas polo Concello e só nos casos en que esa ampliación ou modificación sexa imprescindible para poder aplicar o distanciamento entre mesas de 2 metros (ou outra distancia que se determine) e o resto de medidas sanitarias de obrigado cumprimento.

Isto aplicarase namentres dure a situación excepcional provocada pola pandemia do COVID-19.

Todo elo, sen prexuízo do cumprimento da restante normativa de aplicación, nomeadamente a referida á distancia de separación das terrazas.

Segundo.- Ordénase a tramitación administrativa preferente e a axilización das solicitudes de autorizacións e modificacións de autorizacións de terrazas que se soliciten de acordo coa Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería, namentres dure a situación excepcional por mor do COVID-19.

Terceiro.- A presente resolución entrará en vigor dende a data da súa sinatura.

EXPTE.: 20200011975

OBXECTO: AMPLIACIÓN TERRAZAS PARA CUMPRIMENTO ORDEN SND/399/2020

TRÁMITE: DECRETO

Cuarto.- Publíquese a presente resolución na páxina web do Concello e no BOP.

Quinto.- Notifíquese a presente resolución á Policía Local, e ó resto de departamentos do Concello implicados.”

Examinei a proposta de resolución precedente e apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna, por delegación da Alcaldía de 08.07.2019 (publicada no BOP núm. 137 do 22.07.2019) no Pazo Municipal de Ferrol, na data da sinatura dixital

Julián Reina Villalón

Diante miña,
O secretario xeral